A NOSA TERRA

ANO L — Buenos Aires, Maio de 1968 — Nº 509

¡IRMANS EN PE!...

A dictadura franquista, que como un crisol da reaición fundiu no seu seo: cesarismo, ausolutismo, despotismo e outros ismos retardatarios; non lles aforrou os martirizados povos hispanos ningunha clás de pexamentos e perseguizóns.

Partidos políticos disoltos, con fusilamentos, cárcel i-exilio pra os seus dirixentes. Sindicatos obreiros destruidos, "paseados" i-engaiolados os seus guieiros mais calificados, coa lóxica remanescencia de xornales de fame eisplotación inhumán e relacións laboraes propias de épocas de tristeira lembranza. Clausura e arrasamento do todo centro de cultura, de arte ou de recreo que non ficara ó servicio do totalitarismo falanxista. Mordaza de ferro e cercenamento total das libardades de eixpresión, de imprensa e de reunión. Istes direitos, reconoscidos en todolos paises civilizados, reprímense na España franqusta cos mais severos castigos, incluso o de "garrote vil", bárbaro xeito de axusticiamento medieval inda oxe vixente nos estrados xudiciaes do franquismo. Manexo discrecional e ausoluto das fontes de riqueza e producción por parte dos orgaismos do Estado, cuios axentes de fiscalización, son os mais eficaces artelladores da corrupción adeministrativa que o caraiteriza. En resume: extraperlo,, fame, morte, tiranía, escravitude, emigración orgaizada como negocio de Estado e outras "conquistas" semellantes; son algúns dos moitos aspeitos negativos do réxime xurdido da guerra fradicida do 1936; desatada polo resaibo das forzas cavernarias, que por longos séculos viñeron exercendo sobor dos agrilloodos povos ibéricos, o seu despótico e parasitario poder.

Minorías autocalificadas de "xentes de orden", promotoras do meirande desorden de que se teña lembranza nos anales da Historia peninsuar! Elas son España; a quéns se non someten os seus anacrónicos privilexios está contra España. Non é pois extrano, que montaran un aparello represivo inda mais perfeito que o fascismo italián e o nacismo teutón, de cuia inspiración e poder militar son herdeiros direitos. O individuo, a familia, a facenda, a cultura e o pensamento, a vida toda están no paradiso falanxista a mercede do poder discrecional do Caudillo e da sua omnipotente camarilla. Que por padecer de inercia patolóxica, odia a cultura per non ser capás de se culturizar. Odia o traballo progresista, porque saben que non e capás de crear e progresar. Odia a superación humán, porque ten concencia das propias limitacions pra se encumar por riba dos seus vicios seculares; Veleiquí un dos fundamentos da xenreira adoecida ó réxime republicano, onde todolos cidadans teñen os mesmos dereitos e posibilidades de progreso e superación.

Galiza foi sin dúvida algunha o pais peninsuar que mais padeceu os negativos resultados da implantiación do falanxismo. Cando a concencia nacional do noso povo despertaba da inercia secular que o mantivera agrilloado ó centralismo mesetano, sinónimo de atraso e faitor determiñante dos seus mais apremiantes problemas. Aprobado en histórico e unánime plebiscito o seu Estatuto de Autonomía que lle abria axeitados cánles de progreso pra se emancipar do desarranxo económico social, da emigración e dos complexos magoantes; tivo que se someter impodente o trebón fradicida que a sumeu nunha longa noite de terror, de escravitude e de morte moito mais fera e dura que a que dende antergo viña aturando. Asesinouse e desterrouse os seus fillos mais capacitados pra encetar o troque total das suas anacrónicas extructuras: como Bóveda, Casal, Quintanilla, Castelao, Suárez Picallo e moitos milleiros mais. Foron destruidos e pechados os seus Ateneos, Círculos artísticos e demais centros de cultura autóctona, que cal o Seminario de Estudos Galegos eran motivo de lexítimo orgulo pra a nosa Patria. Proscribeuse o seu esgrevio idioma dos xornaes, periódicos, revistas libros e demais vehículos de espallamento cultural. Apreixada cada vegada mais pola voracidade centralista, tivo que compartir cos povos da meseta a fame endémica que os aquexa Velahí o porque da recaida emigratoria, fomentada i-estimulada polos poderes do Estado como fonte saneada de divisas; da despovoación dos nosos agros e do estancamento económico que xa os mesmos orgaismos estadales teñen que reconoscer.

E pra conquirir istes "brilantes" resultados sagrificouse a milleiros de mártires, destruironse pontes, camiños, moimentos, fábricas e cidades; arruinando a economía, cargando sobor dos povos escravizados a obriga da sua reconstrucción causouse un millón de víctimas e inxentes sufrimentos a todos povos hispanos sin respectar a mulleres, nenos e anciáns?

O franquismo, como era lóxico nun réxime negativo, soio colleitou fracasos e frustracións que a todo e a todos nos ten prxudicado. Agora, desenganados moitos dos que nos seus comenzos o apoiaron, amostrando xa rivalidades intestinas en procura do poder, cal acontece sempre nistes casos, sin futuro nin perspeitivas de ninguna clás sexan económicas, culturaes ou políticas, posto que destrueu canto lle podía servir de alicerce pra o seu soerguemento; alonga a sua agonía con contumace oustinación de imposibel pervivencia. Estudantes, obreiros, inteleituaes, empresarios, e inclusive as novas promoaitúan en procura dun sistema de gobierno que asegure a libertade e o reconoscimento de direitos esenconoscimento de direitos esenciaes tanto pra os cidadáns, canto pra as comunidades a que pertecen.

Galiza vibra novamente niste prometedeiro alborexar do seu civismo renascente. A sementeira patriótica de Bóveda, de Castelao e de todolos loitadores encol dos seus direitos, caeu en boa terra. A nosa mocedade estudantil, obreira, inteleitual etc., loita baril e apaixoadamente porque se lle reconozan os seus direitos a ser libre e dona dos seus propios destiños. Mais se ben é certo que o réxime aitual caise de apodrecido, non é menos real que o futuro sistema a estabelecer non se olla craramente definido. As minorías ambiciosas como sempre están á espreita pra se aproveitar da confusión que todo troque de sistema trai aparellada, e Galiza, que tantas veces foi defraudada nas suas lexítimas espranzas de reivendicación, ten de aproveitar as licións da historia pra se decatar que somentes pola aición do seu propio esforzo, poderá imporse perante os seus nemigos. Niste intre crucial da nosa historia, todolos galegos, pensen como pensen e sintan como sintan; teñen a patriótica obriga de deixar de lado seitarismos e ambicións e loitar rexa a barilmente soio por e pra Galiza. A nosa Patria ten de ser o primeiro e único ouxetivo do noso quefacer, aceptemos o reto do destino reflexado nas proféticas verbas do poeta da Raza, Irmáns en pé... Co a oliva nunha mán e a fouce noutra...

Hónrase a Cuevillas no día das Letras Galegas

Creador de Prehistoria Galega e formador de Etnografos

A feliz iñiciativa da Academia Galega de instituir o día 17 de Maio como Día das Letras Galegas, invítanos cada ano a repensar nos nosos problemas culturaes e a valorar a inxente laboura de todos os intelectuais galegos que nas condicións mais precarias que podamos maxinar souperon acadar proeicións universaes para a súa obra e ó mesmo tempo para Galiza. Porque debemos ter presente que todos eses homes viviron e viven identificados coa causa da Patria Galega, e refugando do renome persoal arelan por enriba de todo a proeicción de Galiza e a plea recuperación do sentimento nacional, que faga de nós un povo con vocación de futuro, seguro de sí mesmo e con pulo creador. Nelo está a súa grandeza de esprito e o seu patriotismo eixemprar.

Este ano o Día das Letras Galegas estará adicado a Florentino López Cuevillas, un deses galegos esgrevios que nun medio de indiferentes e refugados da causa do noso povo soupo escoitar o chamado da Patria e porse a traballar para estudar de seu a prehistoria e poder así "redescubrir" séculos do noso pasado esvaídos na néboa do esquecemento secular. Con outros ourensáns ilustres como Lousada Dieguez, Vicente Risco e Otero Pedrayo, ingresa prontamente ó galeguismo e puxo todo o seu entusiasmo na nosa loita, embebecido dese esprito que animou as Irmandades da Fala como tantos galegos esgrevios da súa xeneración que souperon entregarse con amor a causa de Galiza.

Como Castelao ve impedido o estudo dunha carreira axeitada a súa vocación pois o centralismo hespañol non tiña asiñadas as Facultades respeitivas a Universidade de Sant-Iago. Cecais por tradición familiar Cuevillas estuda a carreira de Farmacia, que non exerceu e a comenzos do século vaise a Madride para estudar Filosofía e Letras, pero sinte tanta saudade do seu Ourense que os poucos meses volta a súa terra. Corren os tempos groriosos das Irmandades da Fala e do Grupo Nos e Cuevillas proponse estudar prehistoria para descifrar o nebueiro do noso pasado e faino con tanta devoción e valimento que hoxe é considerado o creador da Prehistoria Galega. Apaixoado leitor de historia aborda tamén o estudo da Etnografía, e lonxe de toda vaidade a súa preocupación fundamental é buscar e formar xentes mozas para seguir eses estudos, tarefa que acomete sin desmaios nin desalentos, logrando despertar tal entusiasmo na mocedade universitaria que nós temos escoitado moitas veces a Castelao comentar con ledicia esa afervoada paixón por esculcar nos restos prehistóricos de Galiza.

Cuevillas é sin dúbida unha figura senlleira da Cultura Galega no que se cúmpre esa lei da universalidade da cultura, cuios vaores auténticos non coñecen limitacións de espacio nin de idioma nin de temas. Sin sair apenas de Galiza, sin traspor as fronteiras de ningún país alleo, centrando as súas investigacións en temas enxebremente galegos, sin sair da nosa prehistoria, pol-a seriedade da súa investigación e pol-a autenticidade do seu mensaxe, conquire para a Prehistoria Galega unha categoría europea e os seus traballos son outamente vaorados en todol-os círculos científicos de Europa e da América.

Traballador cheo de entusiasmo comparte a súa laboura de investigación histórica con unha interesante aitividade de periodista e escritor, todo ele coa humildade de sentirse discípulo cando xa era mestre, como decía Otero Pedrayo. Co gallo de se cumprir os seus 70 anos de vida, a Editorial Galaxia pubricou un libro de homaxe a Cuevillas no que se catalogan 128 traballos científicos, entre os que merecen especial mención os adicados a "Parroqiua de Velle", "A Civilización Céltiga en Galiza", os estudos sobor da Terra de Melide e numerosos traballos encol das mámoas e castros de Galiza.

Sean estas nosas poucas e modestísimas verbas para render un afervoado homaxe ó investigador científico que enriqueceu como ninguén o patrimonio histórico da nosa Terra e que deu a Galiza unha siñificativa proeición en todo o mundo, pero máis aínda queremos con elas render a testemuña do noso recoñecemento pol-o seu patriotismo, pois non coñeceu outro fin que non fose Galiza nin outro norde que non fose a redención do noso povo. Como dixo o poeta, andivo a facer "pan e carne pra os espritos, das arqueoloxías".

NO DIA DAS LETRAS GALEGAS

O arcebispo que foi de Santiago de Compostela, e gran poeta galego. D. Manuel Lago González, no seu discurso pronunciado na sesión solene inaugural da Academia Galega, referíndose á nosa lingua dixo o seguinte: "A lingua docísima que pronuncian os nosos beizos, ista lingua pola sua costitución íntifa pareceume sempre a máis fermosa das linguas neolatinas, e ainda poida que a mais bela de cantas se falan no mundo".

Tamén distintos filólogos doutros países, profesores en linguas románicas, fixeron de cote louvores da lingua galega que estudaron e coñecen, dicindo que "é un fermoso idioma".

Mas, a nosa lingua, que ben falada é soave e dunha enmeigadora eufonía, faise ríspida e renxellosa coa pronuncia noxenta que se emprega nalgunhas aldeias das mais achegadas ás grandes vilas, convertindo o g soave en j gutural forte castelán, como por exemplo: dicindo jalo, jaliña, auja, lojo, chejar, cte. en vez de galo, galiña, auga, logo, chegar... como sempre se dixo e ainda se dí en moitísimos lugares onde se coidan de falar ben a nosa lingua.

A pronuncia do j castelán endexamáis eisistíu na Galiza, do mesmo xeito que non eisiste en Portugal, onde o idioma nacional é noso vello idioma galego, inda que hoxe polo uso adoitado das xentes cultas, e polo seu emprego en escritos científicos e literarios da nazón portuguesa, diferénciase algo do actual galego.

O uso gutural do son j castelán, é un defeito noxento que debe desbotarse, esterminarse, por ser perxudicial para eufonía, correizón, beleza e dozura da nosa fala, como as herbas malinas que estragan as sementeiras.

CONCORRA OS AITOS DO DIA DAS LETRAS GALEGAS

17 de Maio: Eisposición de Arte Galego, organizada pol-o Coro "Breogán", de 18 a 21 hs., até o 17 de Maio.

17 de Maio: As 20 hs. Gran Aito Patriótico, abrindo os Xogos Froraes do Idioma Galego.

CASAL DO CENTRO OURENSAN — AV BELGRANO 2186

RA 29/8

REVOLDAINA

E EVIDENTE, EVIDENTISIMO, que o Centro Lucense de Buenos Aires é sen dúbida algunha, toda unha **primerísima potencia milonguera** no país, sí señor... E atal é a sona acadada nesta produitiva aitividade, que pra un porteño de lei e, mesmo prós bonaerense nun radio de sesenta km. á redonda, de praza Congreso, "Centro Lucense" é sinónimo de **milonga**... E isto, digámolo, é un merescido tídoo que ninguen llo pode discutir, que aí estan es $ 25.835.650 de taquilla, nin un peso máis nen un peso menos (que como o leitor pode ouservar, non é **moco de pavo**...) das ledas xornadas de antroido porteño e, que o califica como todo un record nesta caste de produitividade.

Mais o pavero do caso —e aquí o mérito— é, que mentres que os clubes deportivos porteños organizaron os seus bailes do antroido en base a unha intensa publicidade e ó creto de múltipres e famosas orquestas e cantantes, en alguns casos importados, que lles costou **o ouro e o mouro**... o Centro Lucense, caladiño, caladiño, co adovío dún prestixoso bandoneón e unha **charanga de gaitas**, quedouse pouco menos que cos 25 millóns e pico do conto, limpiños de polvo e palla... E isto, meus amiguiños, en bon romance, chámase entender de negocios...

Certo é tamén, i en honor á verdade, que a ventaxen do Centro Lucense venlle de lonxe: o teren unha **clientela milonguera seguidora**, como quén dí, **da casa**, durante todo o ano, domingo a domingo, sen acougo nin apouso e, naturalmente, cando chega o antroido, a **Festa Maior** dos dirixentes de Centro Lucense, é o despiporro... E veñan millóns...

* * *

CERTAMENTE, O CENTRO LUCENSE é a entidade galega de Bós Aires que máis evolucionou materialmente falando: **o número de socios, a mañífica sé social e a quinta de Olivos cos seus edifizios e instalacións deportivas asín o certifican.**

Isto é todo... Ah, e un periódico. Un periódiquiño que leva o tídoo de "LUGO" como moi ben poderíase chamar "La Voz de Calamuchita" ou de Curuzú-Cuatiá, atal a sua falla de contido galego desta publicación... I é por elo, que ben ollado o asunto, toda esta riqueza material que os direitives eishiben con tanta fachenda, se non vai avalada por un enxebre contido espritoal, cultural en permañenza, cara a Galiza e o seu povo, que dalí vimos... non será outra cousa, señores direitivos, que milonga e cartón pintado...

Pró caso, será ben lembrar aquí, que no seu tempo, o Pazo do Centro Galego da Habana, foi o edifizo máis importante e fermoso de capital cubana. Hoxe, o Pazo do Centro Galego da Habana, xa non é máis dos galegos: papoullo o Estado... E nin o nome lle deixaron: esborranchánronllo... **mais o que non lle poideros esborranchar foi o esprito galego que animon a aqu les homes e que fixo posibel a grande aportación á cultura de Galiza.**

Emporise que a gloria do Centro Galego da Habana e dos homes que o gobernaron, finca en haberen sido sempre fideles á terra que os veu nascer.

* * *

E BON QUE DIGAMOS AQUI, que o Centro Lucense tivo unha xeira progresista cara a Galiza e a sua cultura: co ennobrecemento do gran salón-restorán adoviado artisticamente co mural a as cerámicas con dibuxos de Luis Seoane; os mañíficos concertos de música galega pola Banda Sinfónica do Centro Lucense, dirixida polo mestre Xosé R. Pazos e que foron grabados en long play; o valioso envío ó Museu de Lugo de varios cadros de arte moderno arxentino dos máis representativos pintores do país; teatro galego; cátedra de idioma galego; conferencias, etc., etc., que lle donaban á institución unha xerárquica **presencia galega** na emigración. Mais lamentábelmente, todo, ou cáseque todo este meritorio labor galego, pasou: fóronse aqueles homes e viñeron outros... estes outros que crebaron a mañífica traxeitoria cultural no seu papel de gran institución galega, teimando solermiñamente escamotearen a etiqueta de orixe...

* * *

GALIZA, SEÑORES, direitivos do Centro Lucense, é unha realidade que non podemos escamotear impunemente... Un estado de concencia coleitivo, de povo diferenciado, que levamos con nosco onde queira que o drama da emigración nos guinde, daí o nucleármonos en entidades, en coleitividade, que ven sendo un xeito de presencia, de fidelidade á terra que nos veu nascer. Mais neste nucleármonos en entidades, imprica, obrigas: estabelescermos contaitos culturais e de afirmación galega coa terra e o seu povo; que non abonda con estampar un nome de identificación galega no frontispicio da entidade pra logo refugar os problemas da nosa Patria Galega illándose nún seráfico paradiso milonguero, por riba do ben e do mal... **que no caso que nos ocupa, señores direitivos do Centro Lucense, elo supón unha** deliberada estafa a Galiza e ós seus ideais.

Cando o soado Polo de desenrolo de Valadolid, co gallo do cal o imperialismo meseteiro teimaba aneisar á Castela a metade do País Galego, (as provinzas de Lugo e Ourense) toda Galiza e a emigración, incruído o Centro Galego de Buenos Aires, ergueuse nunha unánime protesta contra atal atropello á nosa integridade territorial.

Pois ben: nese intre dramático pra nosa Patria Galega, as autoridades do Centro Lucense fecháronse nunha irresponsábel "abstención política"... (?). E até tiveron o cinismo de publicaren un COMUNICADO no seu periodiquiño de marras, teimando xustificar a sua inxustificábel aititude.

Certamente, nunca se sabe ben cando é política e cando nono é. En todo caso, neses intres, estaba en xogo a integridade da nosa terra e a diñidade dos galegos.

E pra findar esta revoldaina, que polo longa semella o sermón da montaña, diremos: Que cobizamos moi de veras, no seo da colectividade, un Centro Lucense grande e prestixoso (sen as hibrideces xitanas dunha Escola de Música e Guitarra, etc., etc....) con ámago e presencia de Galiza.

Un Centro Lucense pleo de realizacións culturais galegas: un bon periódico, ou cecáis millor, unha revista de xerarquía que sexa un eispoente da cultura galega; concursos literarios en língoa galega i edicións dé libros (fai un tempo, as autoridades do Centro Lucense negáronse a lle editar un libro ó eisimio poeta lugués Manoel María, cuio custe beiraba nos $ 70.000...) cisposicións de pintura i escultura galegas, conferenzas de temas de intrés galego etc.

Este é o camiño que cobizamos ollar transitar ó Centro Lucenso pró seu loubor i en benefizo de Galiza e a sua cultura.

LOURENZO FRAGOSO

OS 80 ANOS DE OTERO PEDRAYO

Toda a Galiza —na Terra Nai e no alen-mar— viviu con intensidade unha leda data: O 3 de marzal compriu 80 anos o esgrevio petrucio galego D. Ramón Otero Pedrayo, unha vida consagrada por enteiro a causa da Galiza.

A coleitividade galega de Bós Aires sumouse aitivamente ó agasallo que Galiza rindeu ó fillo esgrevio coa presencia en Santiago dos seus mais destacados persoeiros. Como cabía esperar, a comisión de cultura do Centro Galego de Bós Aires, relucinte de importantes e destacados homes "curtos", "esqueceuse" deste fausto acontecimento. Pero unha comisión especial integrada por varias entidades galegas orgaizou no casal do Centro Ourensán un siñificativo aito de homaxe, no que falaron o Dr. Germán Quintela Novoa e D. Victor Luis Molinari.

A prensa xa tan informado eistensamente desta celebración, de xeito que nós vamos a limitarnos a transcribir a carta de adhesión remesada pol-a Irmandade a Don Ramón, así como a súa resposta:

CARTA DA IRMANDADE

Da nosa meirande estimanza:

Todol-os galegos que dentro ou fora da Terra vivimos as inquedanzas da Patria sentimos con íntima satisfaición e como cousa propia a trascendental emoción con que toda Galiza celebra os seus oitenta anos, porque por enriba do agasallo persoal e aínda por enriba dos outos merecementos dun fillo esgrevio, Galiza enteira agasalla en vostede a representación viva dunha eiscepcional xeneración romántica que con fondo sentimento do deber patriótico soupo desbotar toda ansia de locimento persoal para embarcarse de corpo i-alma na gran tarefa do rexurdimento da Patria Galega.

Etapa que xa forma parte da historia de Galiza, na que tantos homes esgrevios souperon xunguir arelas i esforzos para sentar as bases dun prometedoiro porvir, que se non chegaron a ver concretado cando xa alborexaba, non por elo foi unha etapa malograda, pois a semente tan garimosamente espallada foi acollida con amor pol-o mellor do povo galego, fidel como ningún as esencias da Patria, que se nun intre histórico soupo gardar e defender ese tesouro maravilloso que é o noso idioma contra o trebón dos seus peores nemigos, nesta nova ocasión soupo recibir e gardar no mais ventureiro sulco da sua i-alma esa semente de redención, en espera de intres favorabeis para a súa froitificación.

Velahí, ó noso entender, o mellor agasallo que Galiza enteira pode render a un esgrevio representante de aquela xeneración que o cumprir unha etapa da súa vida pode albiscar o xermolar prometedoiro da semente tan garimosamente acollida, vendo como o mellor de mocedade galega de arestora síntese identificada con eses ideas, que son os de seu povo, os da súa Patria. Irmandade Galega de Bós Aires, interpretando ese sentir común dos galegos na emigración e na Terra, quere estar presente nesta hora feliz da súa vida facéndolle chegar o seu agradecemento por toda a laboura cumplida por vostede a prol da Patria e comprometendo a súa rexa decisión de seguir invariabeis na loita pol-os ideaes de Galiza.

Co agarimo de sempre, saudamos a vostede cordialmente.

A RESPOSTA

Meus señores e amigos:

Quedei e sigo fondamente emozoado co saúdo de Vdes. e de isa esgrevia Irmandale, no enteirar os meus 80 anos. Levo a Galiza de Alen-Mar no corazón, non hai día que non maxime os problemas e os trunfos dela.

A festa do 3 de marzal no ambente artístico e lembradoiro de Compostela foi de certo solene no senso da pura espiritualidade e adicación ós vaores inmorrentes de Nosa Terra. Como Vdes. sinalan con acerto a presencia ideal de Cuevillas, Villar Ponte, Risco, Lousada Diéguez, e sobretodo de Castelao, raiolou en todos os momentos da festa na Catedral ca misa celebrada en galego e no xantar de 500 persoas. Foi a xurdia Festa das Amizades Galegas.

Perdoen a demora en corresponderlle. Son cousas da vellez. Pro teñan por certo que sempre os levo no curazón.

Vello amigo con eterno agradecimento e desexando pra Vdes. e isa rexa Irmandade as millores venturanzas, con apertas fondas,

HOMAXE A CASTELAO

O dia 30 do pasado mes de Marzo efeituouse un homaxe a Castelao, na praza que leva o seu nome, ao se descobrir oficialmente a placa e inaugurarse a remodelación do lugar onde se acha, có que a Municipalidade de Buenos Aires honorou ao noso imorrente guieiro.

Unha avolumada concorrencia asistíu ao ato, sobresaíndo a presenza do señor Intendente Municipal, xeneral Iricibar; doña Virxinia Pereira de Castelao, o presidente do "Club de Leones de San Telmo', Dr. Carlos Alonso; o ex deputado galego Antón Alonso Ríos, membros do Consello de Galiza, da Irmandade Galega, dos Centros Coruñés, Lucense, Orensano Pontevedrés Federación de tanzos, A. B. C. de Corcubión, Sociedades Gallegas, Centro Be-A. Hijos de Gallegos e outas persoalidades da nosa coletividade Tamén estiveron presentes delegacións dos coros Breogán e Rosalía Castro, que colocou unha oferenda froral ao pé da placa, en nome da coletividade galega.

Por meio de senllas fitas, o señor Intendente Municipal, xeneral Manuel Iricíbar e o señor Presidente do "Club de Leones de San Telmo", Dr. Carlos Alonso, procederon a descobrir a placa, que dí asín: Alfonso R. Castelao. Humanista - Político. Municipalidad de la Ciudad de Buenos Aires.

En primeiro termo falou o Presidente do "Club de Leones de San Telmo", Dr. Carlos Alonso, xestor das obras praticadas e da realización do homaxe, có que, sinalou, demostraban os "leones" achárense sempre abertos á comunidade, calisqueira sexan as suas inquedanzas, e puñan de manifesto outra vez o seu amplo esprito de colaboración coas autoridades municipais en todo o que tanxe ao ben público, e porque éste era un xeito de render homaxe a un esgrevio patriota e artista galego, de virtudes perenes e proxeición universal, como é Castelao.

Despois falou o señor Antón Alonso Ríos, quen en nome da coletividade agradeceu ás autoridades municipais este homaxe á máis relevante figura de Galiza, facendo ademáis xustas gabanzas das belezas e grandeza deste país, e rematou eisortando aos galegos e fillos de galegos a traballaren con amor e arreio en prol do engrandecimento desta nobre e xenerosa nación arxentina, sen esquecerse da lonxana e mesterosa Galiza.

Derradeiramente falou o señor Intendente Municipal, xeneral Manuel Iricíbar, quen, con un dicir moi elocuente fixo unha mainífica eisaltación da figura de Castelao, espresando a sua total adesión aos anceios de liberdade polos que ele loitou toda a sua vida, e sinalando tamén a sua admiración polo esgrevio artista e gran humanista, que non quixo exercer a sua carreira de menciña para porse ao servizo da sua patria, da humanidades e da liberdade, polo que se tornou grande e polo que se merece admiración.

Foi, pois, un ato sixelo, mais delurante de emotividade humá e sentires patrióticos.

"LOS HIJOS DE LA PATRIA CHICA..."

No xornal "La Razón" do 20 de marzal ppdo. aparesceu unha "Declaración" de Federación de Sociedades Galegas, a prol da pronta imprantación da democracia na Hespaña e, autotidoándose os firmantes, "hijos de la patria chica Galicia"...(?)

Parescería asombroso, que nono é, por vir de quen ven que a estas alturas de **descolonización** e xurdimento nacional dos povos asoballados polo imperialismo, nos veñan estes **coitadiños hespañolitos de terceira crase** coa monserga reaicionaria da **"patria chica"**...

A Patria dos Galegos, señores "avanzados con cincoenta anos de retraso" da Federación de Sociedades Galegas, é Galiza, principo e destiño de todas as arelas de cultura, económico-sociais e patrióticas.

A "patria chica", señores "avanzados con cincoenta anos de retraso", ven sendo o **"regionalismo sano y bien entendido"** dos monárquicos, de cáseque tódolos republicáns: de dereita, centro, esquerda e inda máis... de Fraga Iribarne e de Franco...

Os **sustentadores** da "patria chica", señores "avanzados con cincoenta anos de retraso", foron os que en nome da "España una y grande", asesiñaron á Bóveda e a milleiros de mártires galegos por arelaren unha Galiza **inteira**, democrática, ceibe e soberán, plea de realidades económicas, sociais e de cultura.

UN CLASICO BURRIÑO

Fai un tempo, un destes clásicos burriños con moitos cartos e bandullo prominente que, a dicir verdade, o único que ten de CLASICO é a tenda de "CAMISETAS Y CALZONCILLOS PARA CABALLEROS", estando en roda de amigos, moi foncho ele, adoutando unha pavera pose de home sabidor que seica lle ven de se SENTIR MEMBRO da Comisión de Cultura do Centro Galego, (?) bardallou:

—E inutile, meus amigos. Un país onde se falan dous idiomas —referíase a Galiza— nunca pode progresar...

—Non sexas animal, home... —respostoulle un do grupo—. ¿Ou seica non sabes que en Suiza se falan catro idiomas?

—¿Catro idiomas?...

—Sí, burriño, sí... E que poden sere cinco... se seguen emigrando galegos, como deica agora, a ese país...

E xa que andamos de recorrida paisana, reparemos en Ramou... —este non vende camisetas y calzoncillos para caballeros... vende outras cousas— Ramou, como decíamos, achándose de paso nunha vila galega camiño de Madrí pra recebir ordes de Fraga Iribarne, espetoulle a queimarroupa, cómo quén merca un xamón, a un coñecido escritor galego: dígame fulano, vostede que é un inteleitoal, o galego, e un idioma...? E o escritor home de moita correa respostoulle con sorna: será o que vostede diga, señor Ramou, o que vostede diga...

XOGOS FRORAES DO IDIOMA GALEGO

A coleitividade galeª a de Bós Aires ten no seu haber importantes e históricas reaizacións a prol do rexurdimento nacional galego, que din da fonda e permañente preocupación que presta ós problemas da Terra. Fai algúns anos o Primeiro Congreso da Emigración Galega polarizou en Bós Aires a atención de toda Galiza, que dende os catro puntos cardinais ollou nele unha ansia real de analizar os tremendos problemas que representa a emigración para o povo galego e achar solucións que, lonxe dos crónicos remedios inconducentes, poideran ser un punto de partida no definitivo despertar galego. Agora, novamente a coleitividade galega de Bós Aires vive os febrecidos preparativos dos Xogos Froraes do Idioma Galego, outro acontecimento que pode revestir unha outa trascendencia na futura proxeición do noso povo.

Certo é que os xogos froraes non teñen na nosa Terra a tradición que revisten en Cataluña onde, aseguindo a secular tradición provenzal e da lingua d'Oc, dende o ano 1859 veñen constituíndo unha enxebre e rexa mañifestación da súa vontade nacional e unha nídia demostración das caraiterísticas da súa cultura diferenciada. Nembargantes a súa menor tradición, tamén na nosa Terra están íntimamente avencellados o renascemento galego, de xeito que os primeiros xogos froraes feitos na Cruña o ano 1861 e o "Album da Caridade" imprentado con ese gallo, son fitos trascendentaes no rexurdimento de Galiza e na defensa do noso idioma como atributo fundamental da nosa persoalidade diferenciada. Con eses xogos froraes o cultivo literario do idioma galego acada un pulo cada ano meirande e co devir do tempo había de dar orixe ó poderoso movimento que sentaría as bases do noso renascemento social, cultural e político.

Esperamos, pois, que os poetas galegos e os nosos intelectuais en xeral aproveiten esta oportunidade que lles vai a brindar a Galiza emigrada para facer destes Xogos Froraes do Idioma Galego una crara e baril mañifestación da nosa fe no rexurdimento da Patria Galega. O movimento cultural de Galiza arestora resulta outamente prometedoiro pois todo o mellor da intelectualidade galega ten despertado ó chamado da Patria e do idioma proscripto e proletario que viña sendo o galego, fixo dele a lingua nacional para o seu mensaxe evanxelizador, asinalando as inmensas posibilidades que encerra o noso xeito de ser e de sentir a vida, para que o povo galego, liberado desa pauliña de cinco séculos de coloniaxe, desperte definitivamente e seguro de sí mesmo, sin comprexos nin servidumes, póñase a percorrer as roitas que teñen de levarnos a plea reaización da nosa personalidade nacional. Emporiso estamos seguros de que estes xogos froraes non van a ser un certame declamatorio de saudades e morriñas, senón o craro eispóñente da madurez acabada pol-os nosos poetas como profetas e devanceiros na loita que nos resta para conquerir os nosos dereitos nacionaes.

OS PREMIOS INSTITUIDOS

A comisión orgaizadora dos Xogos Froraes do Idioma Galego en Buenos Aires ten instituídos os seguintes premios:

PREMIO ROSALIA: Canto a muller galega.

PREMIO PONDAL: Canto a nosa estirpe celta.

PREMIO BRAÑAS: Ensaio encol da reestructuración agraria de Galiza.

PREMIO CORNIDE: Ensaio sobor da promoción e ordeación industrial de Galiza.

Cada un destes premios está dotado coa suma de douscentos mil pesos moeda nacional, e ademais haberá un primeiro e un segundo "accesit" para cada un deles.

Os Xogos Froraes do Idioma Galego celebraranse nesta cidade de Buenos Aires no mes de agosto vindeiro, co patrociño da Academia Galega e con ese gallo teñen anunciado o seu viaxe eiquí o seu Presidente Dr. Sebastián Martínez Risco, así como o esgrevio petrucio don Ramón Otero Pedrayo. O xurado estará integrado pol-a grande poetisa uruguaia Xohana de Ibarborou os escritores arxentinos Francisco Luis Bernárdez e Víctor Luis Molinari.

A Coleitividade Neste Intre

Non é ningunha nova que as entidades galegas da emigración, que en todo entre foron un baluarte contra o asovallamento totalitario e antipatriótico, xa fai moito tempo que veñen sendo ouxeto do amor intresado das autoridades diplomáticas do réxime que agrilloa a nosa Patria; e que se non conforma con haber sumido á Galiza peninsular nunha longa tiranía de mais de catro séculos de duración, que se ten feito inda mais dura e bárbara nos seis derradeiros lustros e que, atropellando brutalmente as mais puras esencias da nosa nacionalidade, tencionou dende sempre, extender seus inquisitoriaes procedementos de goberno á Galiza ceibe da emigración co ouxeto de silenciar a nosa voce e humillar a nosa dinidade de homes libres, e pra iste degradante mester, estase a valer da traición de certos dirixentes, que carentes de sentimentos patrióticos, e sin outors ideaes que defender mais que as suas enfermizas vaidades, veñen exercendo o denigrante papel de "cipayos" dos verdugos da sua propia Terra.

A Galiza emigrada fai catro ou cinco lustros que se soupo orgaizar en dinámicas entidades comarcaes, enroitadas a encher unha función de ben patriótico, cal era a de crear escolas, combatir o caciquismo, espallar e protexer a cultura popular, protexerse contra a enfermedade e outras continxencias da vida; non cumple no intre actual, ningunha función de caraiter trascendente tanto cara a Galiza, canto pra asegurar o seu futuro incerto e nada tranquilizador. Após do remate da guerra fradicida, crebados os vencellos que a xunguian a Galiza peninsuar adicouse a mercar campos de recreo e propiedades cal aconsellaban as condicións inflacionarias do pais de residencia. Desgraciadamente iste "aburguesamento", trouxo aparellado un cáseque total esquezo dos patrióticos ouxetivos que moveron a sua creación; os compromisos adequiridos ausorberon a atención e o labor dos seus dirixentes e descoidouse o romántico idealismo que o sagrificaba todo encol de xenerosos anceios de superación patriótica.

As circunstancias económicas, culturaes e políticas, do mundo de hoxe, son totalmente diferentes das de fai des ou quince anos e compre que axeitemos o noso labor o intre que vivimos. En Galiza se non poden facer escolas, nin combatir o caciquismo, nin cumprir outras tarefas propias doutras épocas. O que si compre agora, é escrarecer a concencia do noso povo encol de cales son os seus direitos nacionaes e como ten de aituar pra os defender. Darlle a conoscér dentro das nosas posibilidades cal é o grorioso pasado histórico da nosa Patria pra soerguer a sua dinidade nacional. Facerlle conoscer cales son as riquezas potenciaes do chán e do mar galegos, pra que se vaian estudando os xeitos da sua explotación racional pra rematar coa emigración, o dexarranxo económico e a desocupación encuberta. E mester apoiar i-estimular a todos cantos nos patrios eido se opoñen dun oudoutro xeito a secular a bárbara tiranía centralista; cal ven acontecendo cos estudantes, os obreiros, os inteleitiaes e todos cantos anceian pra Galiza unha vida mais libre mais dina e mais xusta.

A colaitividade galega da Capital arxentina, non debe deixaese vencer pola decadencia, o desgano i-o exceiticismo corrosivos. E mester que os bós patriotas volten a aición pra acabar coas "celestinas" do entreguismo infiltradas en algunhas das nosos institucions, cuia presencia en postos direitivos, son un desprestixio pra a coleitividade, posto que, ademais de ser axentes da antipatria, carescen da mais elemental cultura e capacidade. Inda estamos a tempo de salvar o prestixio e bon nome xunto cos grandeiros recursos materiaes da nosa colonia, os cales son de tal volume, que si se aproveitaran racional e intelixentemente, poderian fornecer abondosos recursos pra desenrolar unha efeitiva laboura recreativa, deportiva e cultural; en apoio de toda empresa que niste senso promova e xerarquice os vaores autóctonos da nosa Terra. Pra isto hai un soo roteiro posibel e positivo: chegar gradualmente a unir nunha grandeira e podeirosa institución patriótica, o inxente caudal humán e societario das nosas sociedades representativas, desbotando todo persoalismo ou localismo corrosivose, sendo tolerantes cos matices que poidan separarnos, con tal de que os ouxetivos comúns **sexan Galiza**, as suas liberdades e a sua cultura.

LIBROS

"CAMIÑO BRETEMOSO", novela de Xosé Neira Vilas

No agosto do 67, Galaxia de Vigo, tirou do prelo "Camiño Bretemoso" a derradeira novela de Xosé Neira Vilas.

A temática da novela en custión, é o drama dun emigrante galego en terras arxentinas mergullado na sua desventura e unha permañente saudade da terra sen espranzas de retorno.

En todo o percorrer da novela doadamente ambentada nas inhóspitas terras patagónicas escearío onde transcurre a maior parte da narración, o persoaxe móvese resiñado a sua sorte, o seu drama de emigrante, e delo xurde un mensaxe espresado nun coidado idioma popular, lavado de ruralismos, o que axuda a lle dar autenticidade de boa lei ó persoaxe —galego e campesiño— sostida ó longo de todo o corpo da narración nun sentencioso monólogo mergullado na filosofía popular do noso país.

O persoaxe e a sua eiva —timidez sexual— atribuída a unha defeituosa educación familiar: "coidando favorecer a miña educación, fixéronme un mal. Todo era pecado... Fun un escravo do meu caraiter. Criado entre medos relixiosos e nun ambente homildoso por demáis, collinlle grimo a todo..."

Nembargantes as razóns espostas, o atormentado persoaxe coida de boa fe, no seu ámago, que o único que o pode deseivar é Isolina. Isolina e o seu vestido branco... Unha poética pincelada de idealismo que amolece un chisco o dramático realismo de narración.

Diremos que "Camiño Bretemoso" é unha escelente narración, unha novela espresada cun vigoroso realismo que, polos seus propios méritos, supón unha importante aportación á literatura galega moza, esta nosa literatura mergullada nun vagaroso clima máxico de indudábeis valores téinicos i estilísticos, mais que moito o pomos en dúbida, chegue á masa, ó povo, como o ven facendo o autor de "Memorias dun neno labrego".

Por outra banda, será bon dicilo, os emigrados e os eisiliados, que xa non son tal... foron quén a criaren un mundo galego de **alén-mar**, con autenticidade; unha Galiza en liberdade que, cando a nosa terra calou na dramática xeira de guerra civil e na post-guerra, do 39 ó 50, a Galiza emigrada falou por ela e criou por ela valores culturais, axudando asín a erguer o esmagado esprito do noso povo.

E por elo, que neste permañente quefacer galego de **alénmar**, xurde vizosa unha realidade, a **nosa realidade galega** na emigración, e o sentimento unánime envolveito nunha resiñada saudade de que enxamáis nos reintegraremos á Patria, á terra lonxá, que aqui temos a **patria sepultura**....

Emporiso que "Camiño Bretemoso" de Neira Vilas, ademáis do seu trascendente mérito literario, ten pró noso ver, xunto con "Fardel de Eisilado", —poesía, de Luis Seoane, e "Serán"— Poemas de Bós Aires— próisimo a aparescer, de Emilio Pita, un valor, un bon valor, de encetaren unha auténtica literatura galego-americán respondendo asín, doadamente, a esta nosa realidade extra-territorial que vivimos.

"LOS GALLEGOS EN LA ARGENTINA"

Por Alberto Vilanova

Por Alberto Vilanova Rodríguez

Co selo de Ediciones Galicia, saíu do prelo "Los gallegos en la Argentina" de Alberto Vilanova Rodríguez, obra premiada no Concurso Literario do Centro Galego de Buenos Aires co gallo do cincoenta cabodano da sua fundación.

Alberto Vilanova Rodríguez escritor e investigador do pasado de ilustres persoalidades galegas; afervoado demócrata e galego de paixón, deixou o seu Ourense nadal mergullado no brutal asoballo franquista pra se dirixir á Arxentina onde se desempeña como cadeirádego de Historia na Universidade do Litoral, primeiro, e autoalmente, na do Sul, (Bahía Blanca).

Axiña que chegou a Buenos Aires, incorporouse ó quefacer patriótico de coleitividade galega, a Galiza Ideal, como a siñou o gran Castelao, colabourando aitivamente en periódico e revistas preferentemente na investigación histórica; dicta conferencias e pronuncia discursos en aitos patrióticos galegos, sempre en defensa dos ideais democráticos e da autodeterminación nacional de Galiza.

O seu mañífico ensaio "Vida y obra de Manuel Curros Enriquez" no que estuda ó noso gran poeta, é premiado no Concurso Literario orgaizado polo Centro Galego co gallo de se comprir o centeario do nascimento do vate de Celanova.

Evidentemente, con "Los Gallegos en la Argentina", o autor, Alberto Vilanova, quixo oferescer a galegos e arxentinos un a xeito de estensa evocadora galería de persoalidades galegas, e mesmo de fillos de galegos como estraordinaria aportación de Galiza no quefacer arxentino, que colle máis de tres séculos dende os tempos da colonia, co Virreinato, e na formación e consolidación da Nación Arxentina e no seu desenrrolo cultural, social i económico.

Fecharemos esta nota cun anaco do prólogo de Claudio Sánchez Albornoz, ilustre historiador hespañol, onde louva o labor comprido con esta obra que califica de "mañífica i erudita empresa" de Alberto Vilanova e, ó se referir encol das persoalidades estudadas polo autor, afirma: "A Arxentina débelle moito. Hespaña tamén. A Arxentina porque sen o esforzo galego —non dubido en o afirmar—, non sería hoxe o que é; de orixe galego son moitas das senlleiras figuras que fixeron o país —dende Rivadavia en diante— i é colosal a aportación dos galegos na vida desta gran nación en tódalas aitividades culturais, sociais, económicas e políticas; o libro de Vilanova o amosa.

Moisés da Presa.

SON MESTER TEINICOS

A falla dunha política no ensino axeitada as necesidás do país ten perxudicado moito as posibilidades dun desenrolo industrial acelerado de Galiza, como compre a realidade socio-económica da nosa nazón. Un exempro delo é a falla de iniciciativa privada por crear novas fábricas ou talleres que aportarian un bó número de empregos, acadando dise xeito co aforro galego fique no país.

E' evidente que uxe en día a industria bule en base a fatos de téinicos, que son polo xeral nun 90 %. Enxeñeiros en electromecánica, química, industrial, naos, civil, e toda a xeira de ourentaciós que xurden das nomeadas. En estados moi industrializados como U.S.A. e URSS a Enxeñeiría é a carreira máis cursada atal é que, por exempro, cada un dises estados conta antre un millón e dous millóns de enxeñeiros, ou sexa un por cada cen ou duascentas persoas, o que fai mais evidente co desenrolo industrial bule parello co número de científicos e téinicos de que se dispoña.

O noso país inda nin siquer conqueriu pra sí unha Facultade de Enxeñeiría, a pesar das moitas reclamaciós feitas en tal senso até uxe. Coma pode coidarse que industrializarase Galiza con só crear polos de desenrolo ou encanlar inversións, cando a realidade aconsella dispor dun corpo de téinicos que terán de sentir a cotío esas necesidades e darlles saída.

O noso país cómprelle antre dous ou tres mil estudantes de enxeñeiría, coma mínimo, e namentras non dispoñamos da Facultade pertiñente non os teremos, ou sexa que non teremos tampouco o desenrolo que percuramos, por mais inversiós e polos que se pranifiquen.

M. M. S.

MORREU ANTON BEIRAS

Despois dunha crudel doenza finou en Compostela ós 52 anos de edade o doutor Antón Beiras García. A sua morte conmoveu a toda Galiza pola outa valenza da sua persoalidade.

Coa morte do doutor Beiras perde Galiza a un dos seus fillos máis amados. Eminente científico e investigador no campo da oftalmoloxía, acadou grande sona nos congresos internacionais polos seus traballos científicos aportados e antre os cuais compre destacar o importante invento dun aparello —o Vigoscopio— que resolve eficazmente problemas do estrabismo e, con ese gallo, foille concedido o premio da Sociedade Española de Oftalmoloxía.

Unha caraiterísticas máis acusadas da relevante persoalidade de Antón Beiras era a sua fonda emoción galega.

En galego falaba a cotío, e mesmo os traballos científicos apresentados nos congresos internacionais de oftalmoloxía, eran redaitados en galego que, a sua vez eran verquidos ó francés, inglés e alemán, as lingoas oficiais dos mesmos.

Foi un home que vivíu a sua vida cun enxebre estilo galego con orguleza e diñidade exemplar. Afervoado patriota, amaba ó seu povo e coele particinpaba nos degaros democráticos e de liberdade da nación galega.

Partidos Políticos Galegos

Todo movimiento de liberación nacional ten mester de partidos políticos que sexan a espreión dos debezos populares e unha prensa que espalle e defenda eses ideais patrióticos.

Na Galiza do 31, eses debezos patrióticos estaban doadamente representados polo grorioso Partido Galeguista (xurdido das históricas Irmandades da Fala) e o seu órgao de espresión "A NOSA TERRA)', e a pressa galega en xeral que, ó seu xeito, interpretaba as arelas autonomistas do País Galego.

Encol do Partido Galeguista, diremos que a aparición desta agrupación patriótica no esceario político do noso país, ten no seu haber o sere o fautor do aito coleitivo máis trascendente da nosa terra na sua loita pola libertade cal é, a histórica xornada do Plebiscito de Estatuto autonómico de Galiza, e mesmo, fala no seu favor, o sere o primeiro partido político galego **sen dependenza** nen avencellamento algun cos partidos políticos hespañois que, de sempre, e por riguroso turno, desgobernaron o noso país.

Mais cando ainda o noso povo vivía aquele intre de afervoada euforia patriótica polo trunfo do Plebiscito, sobervíu a enxurrada apocalítica franquista ó berro asesiño de: "Arriba España, una y grande", que esnaquizou as máis caras ilusións populares. E ren ficou en pe da maravillosa tarefa de galeguidade labrada con amor e sagrefizo polos homes do grorioso Partido Galeguista: asesiñatos en masa i eisilios forzados abriron un dramático paréntese nas arelas patrióticas a prol da autodetermiñación do País Galego.

E houbo que encetar de novo a tarefa. De primeiro, vencer, superar a desourentación no meio da desfeita. E un sosegado, mais firme labor cultural (que era o único que se podía facer naqués dramáticos intres) foi o mensaxe patriótico ás xuventudes universitarias, dos Institutos i Escolas Téinicas; e mesmo cando as circunstanzas o permitían, tamén nos xornais, conferencias, etc., que deu no percorrer do tempo, abondosos froitos que hoxe reverten nunha prometedeira aición patriótica espresada na criación de partidos políticos nacionais galegos: o **Socialista Galego;** o confesional **Social Cristián Galego** e o **Unión do Povo Galego** de marcada tendenza socialista de esquerda, que todos e cada un, como se deixa ollar, responden á natural preferenza por determiñadas ideoloxías político-sociais de cadaquén, dentro do marco nacional galego.

Os partidos Socialista Galego e o Social Cristián Galego, nascen como partidos nacionais galegos autónomos, co anceio de integraren á Galiza nún Estado Federal na Hespaña, onde as nacionalidades peninsoares serán respeitadas e recoñecidas na sua personalidade histórica integral en base á autodetermiñación.

En canto ó terceiro partido, o Unión do Povo Galego (U.P.G.) como correntemente se lle denomina, xurdíu á vida política do País Galego, como os outros dous partidos, na clandestiñidade, se entende, cún debezo: sere a espresión e a vontade do povo galego nas suas arelas de autodetermiñación nacional e de xustiza social a carón da crase traballadora e, sen dependenza con ningun partido político hespañol.

Diante a orgaización de partidos políticos galegos na terra, xurde unha pregunta; ¿porqué se non orgaizou o Partido Nacionalista Galego ou, no millor dos casos, reorgaizou o grorioso Partido Galeguista?

Hai unha razón que impedíu a sus constitución, i é, que un partido patriótico ó só feito de coller no seu seo a homes de tódalas tendenzas ideolóxicas, lévao —ipso facto— a prescindir dún programa económico-social, e mesmo por iso, fatalmente, ó tempo, xurde a escisión. Tense a esperencia do Partido Galeguista fendido en dous, —de esquerda e de dereita— que tanto mal causou ó galeguismo naqués intres históricos. Dai a creación de partidos políticos que interpretan —atal se deixa ollar— os ideais de cadaquén dentro dún marco enxebremente galego.

Certo é, se pode argumentar, que es patriotas nordafricáns constituíron partidos patrióticos, —millor diríamos, Frontes de Liberación Nacional que interpretaban doadamente as inquedanzas patrióticas destes povos asoballados e colonizados polo imperialismo europeu; e no orde económico-social, un programa, un a xeito de **comunismo nacional** (caso Ben Bela) perfeita e doadamente apricábel —cecáis o único camiño— nestes países cuio desenrolo económico-social estaba a nivel de cero.

Por outra banda, non esquezamos que a loita de liberación destes povos pousaba sober dunha formidábel base de sustentación dos seus ideais patrióticos, como sere: non formaren parte os territorios en custión, da xeografía física, humán, nin cultural e, menos ainda, relixosa da metrópole ou Estado asoballador.

Co dito, coidamos que, chegado o intre, por propia evolución da loita na terra, terá de se chegar ó artellamento dun Fronte Patriótico integrado por tódolos partidos de siño nacional galego.

Xa na loita polo idioma, tácitamente eisiste un **fronte nacional** no cal coinciden e traballan socialistas, social cristiáns, do U. P. G. e homes sen partido.

M. d. P.

Manifesto de Cregos Galegos

Un grupo de cregos i estudantes galegos dos seminarios de Salamanca e Roma deu a pubricidade no mes de febreiro deste ano un intresante mañifesto —redaitado no noso idioma— asinalando con craridade e valentía a súa posició diante do problema de Galiza e a necesidade de que a Eirexa axude a recuperación da persoalidade galega e a reistructuración da vida do noso povo "en colaboración estreita con todos os que traballen con sinceiridade por unha sociedade mellor, sexan as que sexan logo as súas ideas sociaes, políticas ou relixiosas".

Para elo recraman a necesidade da **"rehabilitación espritoal do povo galego,** redimilo do seu comprexo de inferioridade radical, devolverlle a confianza en sí mesmo e a concencia da propia diñidade. Neste punto a nosa responsabilidade é gravísima —din os cregos— porque gran parte da problemática galega xurde dun desorde espritoal, dunha inadatación coleitiva que non se tería producido históricamente sin a nosa colaboración".

En máis dunha ocasión nós temos asinalado a responsabilidade do crero de Galiza no proceso de despersoalización do povo galego, na súa "doma e castración" ó decir do Padre Zurita, para facer dele unha "masa" insegura de si mesmo, descreída das súas forzas e posibilidades, para sumarnos como hespañois de terceira ó carro do imperialismo castelán, coutando todal-as posibilidades dunha creación auténtica. For elo vemos con fonda ledicia esta carta-mañiresto dos cregos galegos de Roma, non pol-o feito de que nos den a razón, senón pol-a prometedoira perspectiva de ter descuberto o camiño e terse trazado o ouxetivo de traballar pol-a recuperación do povo galego ó calor das correntes anovadoras do Concilio Vaticano II. Aprausamos sin reservas a decisión destes cregos galegos de eisixir que o próisimo concilio rexional plantexe o problema de rehabilitación espritoal do noso povo o de colaboración con todal-as forzas que traballan a prol destes problemas para facer desaparecer a "dramática imaxe dunha Galiza arredada, dividida en grupos sociaes que loitan por non se mesturar, onde un 67 % e probe xa oficialmente, onde uns poucos esplotan —máis au menos ás caladas— a iñorancia é a miseria dos mais, onde nivel socioeconómico, cultural e relixioso é moi baixo de máis, onde moitos van e veñen sin saberen ben nin a dónde nin por qué, **onde moitos teñen que emigrar ou descastarse** pra lavaren á boca un anaco de pan, e onde, pra maior sarcasmo, cada día descóbrense novos recursos".

Como patriotas galegos celebramos as mañifestacións deste grupo de cregos que co glorioso nome de "OS IRMANDIÑOS" toma posicións de xeito tan definido diante do problema galego, pois se ben Galiza tivo en todos os tempos cregos que illadamente souperon interpretar a nosa realidade nacional —o cura de Friume, Basilio Alvarez e tantos outros— ese sentimento foi sempre asolagado pol-a aición dos que Castelao definiu tan gráficamente como "prófugos do sacho".

PREMIO OU CASTIGO?

O famoso persoaxe cervantino Sancho Panza, non foi somentes un producto da imaxinación do esgrevio Manco; eixisten "Panzas" en todo-los ordes da vida i-en todolos extractos sociaes. Eixisten na meiciña, na abogacia, no empresariado, na irexa, no proletariado, e por lóxica tamen no xornalismo.

A ista "fauna" sanchopancesca pertece o Direitor do "Quinque de España". Co seu estilo cursi e ramplón, endexamais poderia pasar de ser un vulgar gacetillero en calisquer xornal vilengo; Máis, ise non é un impedimento de importancia pra quen como ele domina á perfeición o "arte" da canina e servil adulación. Como en tempos pretéritos eixistian os espadachíns que poñian as suas espadas o servicio dos "mandamais", isle —axeitandose os tempos que vivimos— pon a sua penna firente e venenosa coa ventaxa de que o seu manexo e moito menos perigoso. o seu patriótico e "sagrificado" labor xornalístico na eixaltación do réxime que agrilloa a Galiza, o sea pais nada!!; que botou man de mouros, italiáns e teutóns pra tiranizar os seus propios paisanos; que asesinou os seus fillos máis esgrevios: como Alexandro Boveda, Xaime Quintanilla Martínez, Anxel Casal, Antón Suárez Picallo e moitos milleiros mais, que logo de zugar todo o producto do traballo labrego e mariñeiro, concerta con outros paises a "exportación" de traballadores, facendo da emigración un negocio de Estado —acaba de lle ser recompensado coa "concesión" da mitade do premio Septen consistente en 40.000 pesetas. O pavero do caso —que ven a confirmar de xeito categórico todo canto deixamos dito encol dos "méritos" diste amanuense da antipatria— e que o xurado encarregado de estudar os traballos presentados, espidiuse no senso que ningun de-les tiña calidade debondo pra xustificar ser premiado pero...que o tal premio se concedia pra pagar dalgún xeito a "lealtade" á causa falanxista Isto fainos lembrar aquela anécdota, na que atopándose presentes un fato de xenerales nunha parada militar; os que amostraban nos seus peitos numerosas condecoraciones gañadas en esforzadas batallas, cando o que facia o inquérito lle preguntou o xeneral que mais cruces e medallas lucia. ¿E vostede meu xeneral, porque aitos heriocos ganou tantas condecoracions? O interpelado —sacando peito— responde fachendoso: ¡Por boa conducta!

A NOSA TERRA

★ REGISTRO NACIONAL DE LA PROPIEDAD INTELECTUAL (en trámite) ★

Redacción: AVENIDA BELGRANO 2186

A SITUACION EN HESPAÑA

A situación en Hespaña ten entrado decididamente nunha fase de desinteiracion, posta de manifesto fai xa uns anos e fortemente agravada agora paresce estar nunha etapa decisiva polos síntomas que a informan, pois as principaes forzas que promoveron e sustentaron até agora a dictadura falanxista están ourentándose cara a posicións defensivas e aínda trocando de frente.

E verdadeiramente siñificativa a "fuga de capitales" que presenta hoxe o hourizonte hespañol, xusto cando les mesmos recoñocen a crise xurdida no proceso de desenrolo económico —o cacarexado "despegue" falanxista— que fai outamente necesaria a presencia de capitaes hespañois e alleos, que os capitalistas da península "patrioticamente" tratan de pór a salvo en países alleos, fora da inseguridade que hoxe lles da o réximen falanxista. Comentando esta situación decíalle un outo persoaxe hespañol a un arxentino que o visitaba: felices vostedes que teñen a inseguridade das folgas pero teñen a tranquilidade da estabilidade; en troques nós temos por diante a mais negra e insegura inestabilidade. En Bós Aires temos moitas mostras desa fuxida de capitaes hespañois e así podemos consiñar, entre outros casos, a merca dos Bancos "Hogar Argentino", "Popular" e "Rural" pol-o Banco de Santander e o Banco Central de Madride, ó tempo que a Patagonia é percorrida por persoeiros de armadores e conserveiros galegos, desexosos de invertir os seus diñeiros lonxe da intranquilidade do porvir hespañol.

Pero mais siñificativo aínda é o divorcio da Eirexa Hespañola do réxifen falanxista, cada día máis evidente pois as outas xerarquías comprometidas co réximen xa non acadan a frenar a reaición das novas xeneracións de cregos, animadas na súa laboura renovadora pol-os aires vivificadores do "agiornamento" do Concilio Vaticano II. Fouco ou nada queda xa daquela mentida "cruzada salvadora" que movilizou a Eirexa contra os povos hespañois na mais sanguiñenta represión que coñoce a nosa historia: hoxe es cregos son alcumades de "roxos" e "comunistas" pol-os grupos de choque falanxistas, cada día mais serodios, que protexidos pol-a policía pretenden discutir a rúa as avangardas das forzas populares na loita pol-a liberdade. E' así como os xornaes teñen rexistrado as agresiones deses grupos falanxistas ó crego da eirexa do Sagrado Corazón de Sabadell —hospitalizado a resultas dos golpes—, a dous xesuitas en Sarriá e a catro cregos na Porta do Sol de Madride, por asistir as manifestacións do Primero de Maio orgaizadas pol-as Comisións Obreiras, un xeito de sindicatos ilegaes pero recoñecidas pol-as empresas patronaes, que están desplazando ós desacreditados sindicatos verticaes controlados polos falanxistas.

Parecida descomposición parece estarse presentando nas forzas armadas i é rumor público que catro dos sete capitáns xerales que ten Hespaña teñen manifestado a necesidade de suprimir rápidamente o réximen falanxista para dar paso a unha monarquía na persoa de Don Juan. Algo terá de ver con ese balbordo o feito insólito de que o Vice-Presidente Carrero Blanco fai poucos días previña os militares contra calquer intento revolucionario, dun xeito tan carraxento como cando, fai algún tempo, decía que a rebelión galega contra a represa de Castrelo do Miño arranxaba ele en vintecatro horas coa garda civil.

Este crima de distanciamento entre certas xerarquías das forzas armadas e as autoridades falanxistas está sendo aproveitada pol-os monárquicos, que se moven cada día mais en percura dos seus ouxetivos, falándose dun inminente manifesto reclamando a entrega do poder e incruso se comenta a posibilidade de que o mesmo Don Xoan percorra os países hispano-americans en xira de captación de vontades e colaboracións.

Neste ambente de desintegración os povos de Hespaña veñen loitando a reo contra a dictadura vixiantes para que os seus dereitos non sexan bulrados polos eternos pescadores de río revolto. Galiza estivo presente sempre nesa loita, aínda cando moitas das súas labouras e sagrifizos non acadaran a atención das axencias informativas internacionaes, atraídas pol-as aitividades das grandes cidades como Madride e Barcelona. As folgas de estudantes universtarios viñeron a redimirnos dese reiterado silenzamento e a prensa do mundo enteiro comentou a baril demostración dos estudiantes de Sant-Iago. Pero mais alentadora aínda é para nós a solidaridades despertada en toda Galiza con eses estudantes: Irmandade Galega e moitas outras entidades da emigración téñense dirixido as autoridades universitarias recramando a supresión das sancións impostas; a mocedade galega en todal-as vilas e povos de Galiza está a manifestar a súa solidaridade cos estudantes, e as máis destacadas persoalidades, galegas téñense dirixido ó rector da universidade recramando a solución do problema prantexado pol-a intransixencia oficial.

V XEIRA DE SAGARDELOS

Un grupo de patriotas, entre os que sabemos se atopan Luis Seoane, Isaac Díaz Pardo e outros pintores galegos destacados, están dando cume a un fermoso proeito de revivir a fábrica de porcelanas de Sargadelos, que tanto renome ten adequerido e vencellou o nome de Galiza a súa eispresión artística.

Con caraiter eisperimental na cerámica do Castro téñense feito xa mostras das primeiras pezas de porcelana que sairán a venda dentro de pouco e por xentileza de Luis Seoane pudemos ademirar unha serie de 18 xerras fermosamente decoradas por ele con famosos porxoases galegos medioevaes como Paio Gomez Chariño o Arcebispo Xelmirez, Rui Xordo, María Balteira e outras sobresaíntes figuras desa brilante xeira do noso pasado. Outra nota diña de asinalar é que esta serie de xerras saira a venda con un catálogo no que se fai unha pequena noticia histórica dos 18 persoaxes en galego, catalán, vascuence e castelán.

Felicitamos de curazón a estes galegos pol-a súa iniciativa que di da fondura dos seus sentimentos patrióticos, porque atal é o pensamento motriz que os ten impulado nesta tarefa: devoltar a Galiza unha industria que lle dé sona e prestixio e que se convirta nun pulo para outras grandes empresas dos nosos artistas e artesáns.

Impreso en COGTAL - Rivadavia 767.